

SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DIA VINTESEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

No Concello de Láncara, sendo as dezanove horas trinta minutos do día vinieseis de outubro de dous mil dez, reúnese no Salón de Sesións o concello Pleno para tratar os asuntos contados na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballeros López, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Arturo Sobrado Castro, D. José Manuel García Aldegunde, D. Celestino Rodríguez González, D. Dario Antonio Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ.

2º.-DECRETOS Nº 158 A 195.

3º.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONSELLO DA COMISIÓN NACIONAL DA COMPETENCIA (CNC) SOBRE ECOVIDRIO.

4º.-RECOÑECIMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.

5º.-CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR, PROTOCOLO DE COLABORACIÓN DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DOUTROS PROGRAMAS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E/OU CON DISCAPACIDADE QUE VIVEN SOAS.

6º.-APLICACIÓN DE DIÑEIRO RETIDO Ó PERSOAL.

7º.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR LEITE RÍO, S.L., CONTRA A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DO 16 DE DECEMBRO DE 2008, POLA QUE SE OUTORGA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA Á PLANTA DE PRODUCCIÓN NO LUGAR DE VEIGA DE ANZUELOS, NO CONCELLO DE LANCARA.

8º.-UNIÓN FENOSA ESTUDIO TÉCNICO DE RBT TOUBILLE.

9°.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE PERIODICIDADE NA CONVOCATORIA DAS SESIÓN PLENARIAS.

10°.-SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE LÁNCARA, ESTUDIO SOBRE A PRIVATIZACIÓN.

11°.-MOCIÓNS: PSG-PSOE:

A) CUMPRIMENTO DO PACTO ANTITRASFGUISMO.

B) MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA ESTRADA LANCARA-PUEBLA.

C) MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO POTENCIE A ASISTENCIA SOCIAL A DOMICILIO.

D) MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA A MANTER O ACTUAL SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DE ANIMAIS, QUE REALIZAN OS VETERINARIOS NAS EXPLOTACIÓNS.

12°.-ROGOS E PREGUNTAS.

1°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de agosto de dous mil dez, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.-DECRETOS Nº 158 A 195.

Dase conta dos decretos da Alcaldía dende o Nº 158 ó Nº 195, ambos inclusive.

Polo Voceiro do PSG-PSOE, pide que se lle explique o Decreto 184.

Por parte do Sr. Secretario informaselle que este decreto esta reservado para facturas de Fenosa, que facía catro meses que non presentaba e o non telas non se podía concretar o contido das mesmas.

Acordase delixenciar dito Decreto coa dilixencia de anulación do mesmo, ó obxecto de que ninguén sospeite de que se utiliza para outra finalidade.

O Pleno por unanimidade dase por enterado de ditos decretos.

3°.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONSELLO DA COMISIÓN NACIONAL DA COMPETENCIA (CNC) SOBRE ECOVIDRIO.

Vista a Resolución do consello da Comisión Nacional da Competencia sobre a sanción a Ecovidrio, expediente Nº S/0065/08, polo que se impón unha sanción pecuniaria de (1.000.000,00 €) un millón de euros.

Visto que as leis se deben cumprir.

O Pleno por unanimidade,

Dase por enterado de dita resolución.

4°.-RECOÑECEMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009 , A PAGAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.

Vistas as factura cos xustificantes, da empresa “Carballeira da Reboleira S.L.” con CIF: B.27066404, do ano 2009, facturas Nº 3 e 7, por importe de 235,40 € e 1.187,70 €, respectivamente, ambaladas dúas por comidas de persoal do Concello, obras de refochado e desbroce e seis comidas do Sr. Alcalde.

Polo Sr. Secretario-Interventor, ponse de manifesto unha vez máis que non é normal que a cada Sesión veñan facturas de anos anteriores, ó obxecto de recoñecerlas extraxudicialmente, que se deben tomar medidas para que si algúnha factura non foi presentada, e por conseguinte non se pagou, dentro do exercicio económico, que se estableza un prazo máximo para presentar estas, xa que do contrario estase desvirtuando a realidade económica e contable dos gastos de cada ano, ademais pode haber duplicidade de facturas.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOA:

1°.-Xa que se fixo o gasto debese pagar.

2°.-Recoñecer extraxudicialmente as dúas facturas:

Factura Nº 3/2009.....235,40 €

Factura NHº 7/2009.....1.187,70 €

3°.-Aboar as dúas facturas con cargo o orzamento actual.

5°.-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, PROTOCOLO DE COLABORACIÓN DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DOUTROS PROGRAMAS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E/OU CON DISCAPACIDADE QUE VIVEN SOAS.

Vista a comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, sobre:

a) Convenio de colaboración para a implantación doutros programas de atención ás persoas maiores/ou con discapacidade que viven soas.

b) Convenio de colaboración para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.

O Pleno por unanimidade, ó considerar que a colaboración entre Institucións e para esta materia deben considerarse sempre positiva,

ACORDOU:

1°.-Prestar aprobación a ambos dous convenios.

2°.-Dar conta deste acordo a Traballadora Social.

3°.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

6°.-APLICACIÓN DE DIÑEIRO RETIDO Ó PERSOAL.

Visto o contido do Real Decreto 8/2010, sobre medidas económicas.

Visto que como consecuencia de dito decreto os traballadores do Concello perderon un poder adquisitivo:

Funcionarios..... 3.140,70 €

Traballadores laborales...3.532,04 €

Visto que este Concello non ten debidas nin déficit presupostario.

O Pleno, por unanimidade,
ACORDOU:

Destinar dito importe a inversións (adquisición vehículo para atención a xente enferma da 3ª idade).

7º.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR LEITE RÍO, S.L., CONTRA A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DO 16 DE DECEMBRO DE 2008, POLA QUE SE OUTORGA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA Á PLANTA DE PRODUCCIÓN NO LUGAR DE VEIGA DE ANZUELOS, NO CONCELLO DE LANCARA.

Vista a Resolución do Recurso epigrafiado.

Visto que este Concello no seu momento apoiou as pretensións da Empresa Leite Río S.L., para que se lle aplicaran as mesmas medidas na autorización ambiental integrada que ao resto de empresas do mesmo sector e non outras máis esixentes para esta empresa, xa que se estimaba que era un agravio comparativo.

O Pleno por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Darse por enterado da mesma.

2º.-Considerar que con esta Resolución se fai xustiza o respecto.

8º.-UNIÓN FENOSA ESTUDIO TÉCNICO DE RBT TOUBILLE.

Visto o presuposto de Unión Fenosa, para a obra de suministro de enerxía eléctrica para suministro de auga a localidade de Toubille e Mourillón, por importe de 48.240,85 €.

Polo Sr. Alcalde informase que se incrementou este orzamento debido a ter que levar o tendido da luz pola vía pública ó opoñerse os propietarios das fincas a que se levara polos postes existentes, pretendendo cobrar por deixar pasar o tendido, ao que se opuxo radicalmente Unión Fenosa.

Igualmente informa que Unión Fenosa gasta no transformador e nun tramo de línea uns 20.000,00 €.

Por parte do Voceiro do PSG_PSOE, Dario A. Piñeiro López manifesta que el esta en total acordo de que se faga a obra o antes posible, pero agradece que ningún Concelleiro o culpe de algo que non fixo, el non ten terreos para opoñerse, e cada un ten que saber o que ten que facer coas súas fincas.

Por parte do Concelleiro do P.P. José M. Neira Castro, respostalle que como se dirixe a él coa mirada, el nunca o culpou de nada sobre este asunto, e si alguén lle dixo o contrario que manifeste quen foi para aclaralo.

Visto que estes traballos solo os poden facer dúas empresas por esixencia de Unión Fenosa, que son Instalacións Manuel López e López S.L. de Monforte e Jecsa de Lugo.

Visto que a empresa Manuel López e López S.L. manifesta que se podía facer obra cun 20% de desconto o que estaría entorno a 39.000, 00€ .

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó orzamento.

2º.-Que se pidan ofertas as dúas empresas.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

9º.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE PERIODICIDADE NA CONVOCATORIA DAS SESIÓN PLENARIAS.

Visto o escrito epigrafiado.

Visto que este Concello dende que entrou en vigor a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia xa celebra os seus Plenos ordinarios cada dous meses.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterado desta Resolución.

2º.-Comunicarlle ao Director Xeral de Administración Local D. José Norberto Uzal Tresandí que este Concello leva dende que entrou en vigor a Lei 5/207 celebrando as sesións ordinarias cada dous meses.

10º.-SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE LÁNCARA, ESTUDIO SOBRE A PRIVATIZACIÓN.

Aberto o debate, ponse de manifesto que este asunto traíse ó Pleno para estudar si se pretende privatizar o servizo ou se continúa como se está actualmente, tendo en conta que polas traballadoras deste sector se reivindica antigüedad, convenio, etc. e segundo a Asesoría Laboral e Xurídica non se ten obriga de recoñecer esto.

Por parte do Voceiro do BNG Carlos López Sierra, pon de manifesto que o seu partido está totalmente en contra de que se privatice o servizo, porque o servizo a través do Concello é mellor, o Concello está máis próximo aos administrados e a empresa privada a principal finalidade é sacar diñeiro.

Por parte do Concelleiro Arturo Sobrado Castro, manifesta que a pretensión do seu partido é o mesmo que remata de dicir o Concelleiro Carlos López Sierra.

O Sr. Alcalde manifesta que este asunto se trouxo ao Pleno porque estaba iniciado pola anterior Corporación e para rematar con este asunto dunha vez, xa lle puxo de manifesto as traballadoras cando se reuniu con elas, que el lle da igual seguir como se estaba ou pasar a empresa privada, xa que o Concello ten que financiar parte deste servizo nos dous casos, unha vez que tratei este asunto coa Traballadora Social, deixei claro que me da igual que as traballadoras se queden no Concello ou pasen a empresa privada, como si quedan fixas si o marca a lei, que non é eso de dicir que as temos que coller fixas, querendo recordar que aquí hai un Xeriátrico e que no que sexa posible se debe apoiar, e que o mellor había usuarios que incluso melloraban privatizando o servizo, ó estar a xente máis atendida, xa que hai un centro de día en dito Xeriátrico, polo que o acordo debese tomar por unanimidade, se non é por unanimidade, quedamos como estamos.

Por parte do Concelleiro D. Dario Antonio Piñeiro López manifesta que cando se me votou da Alcaldía, el estaba tramitando este asunto, pero doutra maneira, como empresa pública-mixta, Concello e Traballadoras.

Explicando o Sr. Secretario que o que se trataba era de facer unha cooperativa entre as Traballadoras e o Concello.

Pon de manifesto o Sr. Alcalde que as traballadoras si pasan á empresa privada teñen que ter unha formación, ofrecéndose as empresas a facilitarlla, pero si quedan no Concello e por lei as obriga a ter esta formación e non a teñen, hai que votalas.

Por parte do Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro propón que se lles pregunte as traballadoras que se atopan entre o público, que prefiren elas. Respostando a maioría das presentes que prefiren seguir como estan.

Polo Concelleiro José Manuel Neira Castro preguntalle as traballadoras, que se encontran entre o público, si a Asistente Social lles informou de que tiñan que ter esta titulación que esixe a Xunta .

Respostando unha das traballadoras que por parte da Traballadora Social non se lles informou, que o que fixeron foi pola súa conta. Manifestando outra das traballadoras que lles podía informar máis do que estaba informando.

Manifesta o Secretario que non lle parece normal estar criticando unha persoa cando esta ausente, que ademáis cónstame que a Traballadora Social organizou unha reunión que tivo lugar no Concello do Páramo á que asistiron as traballadoras de axuda a domicilio de Lán cara e Páramo, que se lles informou que había unha empresa adicada as tarefas de preparación para poder obter a formación que esixe a Xunta “certificado de profesionalidade”. Xa que me pediu información sobre a posibilidade de que o Concello pagara parte do custo desta formación, o que lle informei que non procedía. Ademáis teño entendido que foron as Traballadoras as que non quixeron asistir o curso de formación, considero que a Traballadora Social e unha persoa moi profesional, polo que estaban debidamente informadas sobre esta situación.

Por parte do Sr. Alcalde quere deixar claro que si as traballadoras por carecer de titulación o día de maña teñen que deixar o posto de traballo o non subvencionar a Xunta o servizo, que non pode ser imputable a ninguen da Corporación, e que é algo que lles quere facer saber as traballadoras presentes.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Seguir prestando o servizo a traves do Concello.

2º.-Comunicarlles as traballadoras de Axuda no Fogar, que actualmente a Xunta esixe ao persoal que traballe no Servizo de Axuda a Domicilio ten que ter o Certificado de Profesionalidade, sendo o último ano o 2012, debendo que por conseguinte conseguir dita titulación.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

11º.-MOCIÓNS:PSG-PSOE:

A)CUMPRIMENTO DO PACTO ANTITRASFGUISMO.

Vista a moción epigrafiada .

Polo Sr Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, explica a proposta que fai ao Pleno ao obxeto de que o pleno acorde que se cumpra o pacto antitransfugismo.

Polo Sr. Alcalde manifesta que eles seguen estando no P.P. e polo tanto non son tráfugas , e o voceiro do TGA Carlos Fernández Díaz, manifesta que eles tampouco se consideran tráfugas.

Por parte do Voceiro do PSG-PSOE manifesta que el non se refire os Concelleiros do TGA, senon os do P.P, que unha comisión independente dixo que eran tráfuga.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que se vai rexeitar, porque quen debe tomar decisión é a comisión independente ou o partido.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 Concelleiros do PSG-PSOE e 1 do BNG)

Votos en contra: 6 (4 P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

B)MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA ESTRADA LANCARA-PUEBLA.

Vista a moción epigrafiada.

Polo parte do Voceiro do PSG-PSOE manifesta que debe solicitarse a Xunta de Galicia que ao redactar o proxecto se contemplen pasos soterrados e saneamento de Ariz, xa que estes eleva pouco o custo da obra e é o momento máis adecuado de facelo, sendo os pasos soterrados importantes para a propia seguridade da estrada e os veciños que teñen que cruzar o gando.

Por parte do Voceiro do BNG pregunta si se vai facer a obra.

Respostandolle o Sr. Alcalde que non lle parece momento oportuno xa que se esta facendo os trámites para que se faga o proxecto e si se lles esixe máis ao mellor queda todo en nada. Ademáis o saneamento de Ariz e o abastecemento de auga debe tratarse dun proxecto a parte, xestionando con Augas de Galicia dito proxecto.

Neste intre entre o PSG-PSOE e P.P. cruzanse diversas acusacións intervindo o voceiro do BNG manifestando que as formas quitan a razón, propoñendo que se garde a compostura.

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor: 5 (4 Concelleiros do PSG-PSOE e 1 do BNG)

Votos en contra: 6 (4 P.P. e 2 do TEGA).

Quedando por conseguinte rexeitada a moción.

C)MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO POTENCIE A ASISTENCIA SOCIAL A DOMICILIO.

Vista a moción epigrafiada

Lida integralmente a moción polo Concelleiro Arturo Sobrado Castro.

Polo Concelleiro do BNG Carlos López Sierra, manifesta que lle gustaría máis que faga as mocións en galego.

Despois de dialogar sobre este asuntos o promovedor da moción manifesta que se deixe sobre a mesa ao consideralo como unha recomendación.

Postura que é aprobada por unanimidade de tódolos Concelleiro asistentes.

D)MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA A MANTER O ACTUAL SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DE ANIMAIS, QUE REALIZAN OS VETERINARIOS NAS EXPLOTACIÓNS.

Vista a moción epigrafiada

Lida integralmente a moción polo Concelleiro Arturo Sobrado Castro.

Discutida longamente a moción.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Deixala sobre a mesa e solicitar información á Consellería do Medio Rural coas aclaración pertinentes para ter un coñecemento obxectivo e poder tratar novamente este asunto.

12°.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Polo Concelleiro **D. Dario A. Piñeiro López** roga que o Camiño que subvencionou a Xunta onde está o depósito de auga en Traslite, as bocas dos tubos estan tapados con plásticos, o que supón un deterioro para o camiño, roga que por persoal do Concello faga esta limpeza.

Polo Sr. Alcalde respotaselle que se irá ver.

Polo Concelleiro **D. Arturo Sobrado Castro**, roga por escrito:

“Arturo Sobrado Castro, Concejel del PSOE de Lán cara, amparándose en el artículo 97 del Real Decreto 2568/1986 por el que se aprueba el funcionamiento jurídico de las Entidades Locales.

FORMULA EL SIGUIENTE RUEGO :

Que ante el traslado del Sargento de la Guardia Civil del puesto de Lán cara, Don Jesús Gayoso Castro, a la Comandancia de Lugo, después de estar ocho años en Lán cara donde colaboró en todo momento con los ciudadanos de este municipio.

Ruego que por parte de la corporación municipal y en nombre de todos los ciudadanos de Lán cara se le remita nuestro total agradecimiento por el servicio prestado a todos los ciudadanas de Lán cara, a través del Sr. Teniente Coronel Jefe de la Comandancia de la Guardia Civil de Lugo para remitir al Sr. Comandante de Puesto de la Guardia Civil de Lugo”

Respostandolle ó Sr. Alcalde que se lle mandará.

Polo Concelleiro **D. Carlos López Sierra**, fai o seguintes rogos:

-Que se poña en funcionamento a megafonía do Concello.

O Sr. Alcalde respotalle que se fará o antes posible.

-Sobre os sinais do mirador de Lán cara

O Sr. Alcalde respotalle que se colocaran nos próximos días, que xa estan na nave.

Por parte do Concelleiro **D. Dario A. Piñeiro López**, quere facer unha aclaración sobre a discusión da mañá, en relación as obras do Medio Rural do ano 2009, que foron fruto do convenio que asignou o Conselleiro Suárez Canal coa Ministra Elena Espinosa e que a Xunta recibiu os cartos o 31-12 segundo se pode acreditar coa orden de transferencia feita.

Polo Sr. Alcalde respotaselle que duns mandatos quedan obras para outros, e uns xestionanas e outras executanas.

PREGUNTAS:

O Conselleiro **D. Arturo Sobrado Castro**, pregunta:

- ¿Si se pagaron as subvencións os estudantes?.

Respostandolle o Sr. Secretario que os que as xustificaron si, as outras non.

-Sobre a factura de 1.670,40 € ,aprobada na Xunta de Governó Local de “Carralleira da Reboleira “que figuran como comidas oficiais, que xa solicitou esta pregunta no último Pleno.

Respóstanlle o Sr. Secretario que si non a recibiu, que en principio debería ter recibida, remetiranselle mañá os xustificantes.

-¿Cómo está o Plan Xeral?

Respostándolle o Sr. Alcalde algo mellor pero esta parado polo informe da Confederación Hidrográfica.

Polo Concelleiro **D. Dario A. Piñeiro López**, pregunta, en relación ao proxecto de rexeneración das árbores do Campo da Feira ¿hai unidades de obras valoradas e non xustificadas?

Polo Sr. Alcalde respóstanlle que se fixo unicamente escaleira donde ia rampa e escaleira, ó considerala máis viable e debido á pendente que tería a rampa.

Continua o Concelleiro preguntando por esas unidades de obra: rampa, escaleira e pasamáns.

O Alcalde respóstanlle que se solicitará un informe de valoración ao técnico director da obra.

-Pregunta unha vez máis polos vales “da pista Igrexia de Gallegos” xa que para el o tramo reparado mide 300 m e non 600 m., polo que a factura correspondente a eses traballos é o dobre.

Respóstanlle o Sr. Alcalde que xa lle contestou o contratista con unha nota de prensa.

Replicando o Sr. Concelleiro Dario A. Piñeiro López que él nada ten que ver co que o contratista diga, que él a quen pide explicacións é a quen aprobou a factura, na Xunta de Goberno Local de data 17-02-2010.

Polo Sr. Alcalde respóstanse que se revisará a factura, que se comprobará a superficie e si hai algún erro hai que corrixilo.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e unha horas trinta minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.